

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME

AGUSTÍN L. VILARIÑO GÓMEZ, Portavoz do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE na Corporación Municipal de Pontevedra, por medio deste escrito presenta, para o seu debate e aprobación no vindeiro Pleno Ordinario do mes de Febreiro, a seguinte

MOCIÓN:

No Pleno Ordinario da Corporación Municipal do pasado mes de Outubro de 2008, procedeuse á modificación das Ordenanzas reguladoras da taxa da rede de saneamento (rede de sumidoiros), de subministro de auga, do servizo público da piscina municipal e ximnasio, e de recollida de lixo, modificación que se efectuou á alza en base a unha previsión de inflación anual para o ano 2008 do 4,5%.

O pasado mes de Xaneiro de 2009 coñeceuse o dato oficial de inflación do ano 2008, que se situou no 1,4%, polo que o Concello está a cobrar ós veciños as taxas correspondentes ós devanditos servizos máis de tres puntos por riba do que lles correspondería aboar, co conseguinte beneficio para as arcas municipais a costa dos contribuíntes, e máxime nun ano no que a crise déixase sentir con máis forza.

Ante a falta de claridade e compromiso na súa resposta amosada polo goberno municipal diante da pregunta realizada polo Grupo Socialista en

idéntico sentido no Pleno Ordinario do pasado mes de Xaneiro de 2009, vémonos na obriga de presentar esta Moción tentando acadar un acordo do órgano plenario que obrigue á revisión á baixa da modificación das Ordenanzas aprobada o pasado mes de Outubro.

Polas razóns expostas, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE propón ó Pleno da Corporación Municipal de Pontedeume, a adopción do seguinte

ACORDOS:

Primeiro. O Pleno da Corporación insta ó Goberno Municipal para que proceda á revisión á baixa da modificación das Ordenanzas reguladoras das taxas da rede de saneamento, de subministro de auga, do servizo público da piscina municipal e ximnasio e de recollida de lixo, aprobada no Pleno Ordinario de Outubro de 2008, adaptando a devandita modificación á inflación anual do ano 2008, que foi do 1,4%, e con efectos dende 1 de Xaneiro de 2009.

Segundo. Que se proceda a compensar ós veciños nos sucesivos recibos, do exceso aboadado naquelas taxas que xa foron liquidadas dende o 1 de Xaneiro de 2009.

Pontedeume, 17 de Febreiro de 2009.

Asdo.: Agustín L. Vilariño Gómez.

PORTAVOZ G. M. PSdeG-PSOE